

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/05/2013.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.

Concelleiros ausentes:

D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día catro de maio de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de marzo do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Os expedientes comprendidos no presente punto da Orde do Día non foron dictaminados pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, decláranse urxentes en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre os mesmos.

Dase conta do contido da Resolución da Alcaldía do 27/03/13, medinte a que se formulou solicitude diante da Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais correspondente ó presente ano 2013, en cumprimento do establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, cuxa parte dispositiva resolve o seguinte:

“1º.- Solicitar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais correspondente ó presente ano 2013, en cumprimento do establecido no Decreto 99/2012, por un importe total de 182.279,50 euros, co seguinte detalle:

- Persoal: 22.519,50 €
- Mantemento: 500,00 €
- Axuda no fogar:
 - o Modalidade de prestación básica: 7.940,00 €
 - o Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 151.320 €

2º.- Especificar que este Concello segue a prestar os servizos sociais para os que se solicita axuda, nas mesmas condicións do ano anterior.

3º.- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2013 na contía de 146.454,43 €, que supón unha porcentaxe do 44,55 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

4º.- Ordear a remisión, coa brevidade posible, da totalidade da documentación necesaria para a solicitude da transferencia finalista de que se trata, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.”

Dase conta de seguido do contido doutra Resolución, de data do 03/05/13, pola que se formula solicitude de axuda á Deputación Provincial, tamén para o financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013, segundo as bases reguladoras do Plan da Deputación Provincial publicadas no BOP nº 75, do día 19/04/13, cuxa parte dispositiva di:

“1.-Que coñece e acepta as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.

2.-Adherirse ao Plan de servizos sociais comunitarios básicos da Deputación da Coruña para o 2013, de acordo coas contías xerais previstas no Anexo 1 do plan e co financiamento que se indica no proxecto de servizos sociais comunitarios básicos (Anexo 3) que se achega coa solicitude.

3.-Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

4.-Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

5.-A entidade acepta a regularización financeira para compensar as achegas cos remanentes de exercicios anteriores.

6.-Facultar expresamente ao alcalde ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Dase conta de seguido da aprobación pola Alcaldía, mediante Resolución de data do 29/04/13, da liquidación do presuosto do Concello para 2012, Resolución que, de orde da Alcaldía, o Secretario de seguido le e que literalmente di:

"Dase conta de que está rematada a liquidación correspondente ó exercicio económico de 2012, procedendo a súa aprobación pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 172 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co 90 do Real Decreto 500/1990, polo que se desarrolla o capítulo I do título VI desa Lei.

Examinada a documentación comprendida nesa liquidación e considerada conforme, e vistos os informes relativos á liquidación e ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria realizados por Secretaría-Intervención, mediante a presente apróbase, ordeando que se dé conta do contido da presente Resolución ó Pleno do Concello, na primeira sesión que éste celebre, a efectos de toma de razón. A liquidación de que se trata ofrece o resumo que seguidamente se detalla:

A) Resultado presupostario do exercicio de 2012:

- 1) Dereitos recoñecidos netos: 2.507.924,03
- 2) Obrigas recoñecidas netas: 2.354.403,26
- 3) Resultado presupostario (1-2): 153.520,77
- 4) Desviacións positivas de financiación: 0
- 5) Desviacións negativas de financiación: 0
- 6) Gastos financiados con remanente líquido de tesorería: 232.684,19
- 7) Resultado de operacións comerciais: 0
- 8) Resultado presupostario axustado: 386.204,96

B) Estado de remanente de tesorería:

- 1) (+)
Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio: 371.718,08
- 2) (-)
Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio: 407.733,86
- 3) (+) Fondos líquidos de tesoureiría a fin de exercicio: 786.990,01
- 4) Remanente de tesoureiría afectada a gastos con financiación afectada: 0
- 5) Remanente de tesoureiría para gastos xerais: (1-2+3-4): 750.974,23
- 6) Remanente de tesoureiría total: 750.974,23

C) Cuantificación remanente de tesoureiría: 750.974,23."

A continuación, dase conta do contido do informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións, correspondente ó primeiro trimestre de 2013 asinado polo Tesoureiro con data do 02/05/13 e no que se indica que non consta a existencia de pagos pendentes ou realizados fora dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes a obrigas que reúnan a totalidade dos requisitos legalmente establecidos, no expresado periodo do primeiro trimestre do presente ano 2013.

Finalmente, dase conta da declaración institucional formulada pola Alcaldía relativa á centralización do servizo de Valoración da Dependencia e o peche da oficina existente en Ferrol, que se trasladaría á cidade da Coruña, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do pasado día 22/04/13, que literalmente di:

“Debido á intención da Xunta de Galicia de querer centralizar o servizo de Valoración da Dependencia e trasladar a oficina de Ferrol á cidade da Coruña, esta Xunta de Goberno declara a súa posición en contra deste traslado, así como das amortizacións dos postos dos técnicos/as que realizaban o seu traballo en Ferrol.

A Oficina de Valoración da Dependencia e Discapacidades, dependente da Consellería de Traballo e Benestar leva instalada en Ferrol no Edificio administrativo dende o ano 2007. Este servizo público da Dependencia presta atención a máis de 240.000 persoas distribuídas en 31 concellos das comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e Betanzos.

Perante isto, non se pode permitir a desaparición do devandito servizo de valoración da dependencia da comarca, porque o seu traslado á Coruña implicaría a perda doutra unidade administrativa nunha bisbarra tan necesitada de actividades e recursos. Pero o que é máis grave para toda a cidadanía sería o afastamento físico e xeográfico dun servizo público que atende ademais a un colectivo moi sensible por mor da escaseza de recursos e pola súa propia situación persoal.

Entón, tendo en conta:

- Que a organización tradicional e funcional do territorio galego baséase nas comarcas, e polo tanto cómpre contar con estruturas e servizos comarcais, que se acheguen á cidadanía

- Que a comarca de Ferrol é a terceira área urbana en poboación de Galicia, e que polo tanto os seus habitantes teñen que ter os medios e os servizos públicos acaídos ás

- Que no marco dos servizos sociais, para lograr unha meirande efectividade, o que se persegue é a maior proximidade posíbel ás persoas destinatarias, presentes e futuras

- Que no actual momento de crise os colectivos máis vulnerables non poden ser os que paguen as consecuencias dos drásticos recortes dos orzamentos públicos

O Concello de San Sadurniño DECLARA:

- A súa posición contraria á eliminación da oficina do servizo de Valoración da Dependencia de Ferrol e o seu traslado á cidade da Coruña

- O seu rexeitamento ás amortizacións dos postos dos técnicos/as que realizaban o seu traballo na oficina de Ferrol

- A súa demanda da mellora dos servizos que se ofrecen ás persoas en situación de dependencia, sobre todo para axilizar a resolución dos expedientes.”

Seguidamente, sendo as once horas e trinta e sete minutos, o Sr. Alcalde suspende a sesión para que por parte dunha representante sindical dos traballadores afectados polo peche da Oficina de Valoración da Dependencia e Discapacidades de Ferrol se dea lectura dun escrito relativo a esta cuestión, no que se solicita dos representantes políticos da veciñanza de San Sadurniño que insten á Xunta ó mantemento desta oficina, necesaria para a resolución de moitos expedientes pendentes, tanto en materia de dependencia como de discapacidades. Tamén se indica que as razóns polas que se xustifica o peche desta oficina son inexactas e interesadas e teñen un trasfondo político e

ideolóxico, que o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia apoia a petición de mantemento da oficina e que o aforro económico que suporá o peche non chega ós 10.000 euros ó ano e implicará unha descoordinación co persoal de traballo social dos concellos, que é o que inicia o proceso de valoración, o que intensifica a discriminación dos usuarios que residen no rural, os máis necesitados de proximidade. Finalmente fai un chamamento ós concelleiros para que, aínda por enriba da disciplina de voto, se posicionen en favor dos intereses da súa veciñanza en contra deste novo acordo co que a Xunta continúa coa súa política de destrución de emprego. O que de orde da Alcaldía faise constar na presente acta.

A continuación, reanúdase a sesión, cando son as once horas e corenta e dous minutos.

O Sr. López Loureiro interven para dicir que pola súa parte farán as xestións que lles resulten posibles para tratar de evitar o peche da oficina de que se trata.

A Corporación queda enterada e conforme cos referidos asuntos sometidos á súa consideración.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO ANEXO Ó PAZO DA MARQUESA.

Dase conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato de execución das obras de "Rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa", mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, no que obra a acta da Mesa de Contratación de data do 26/04/2013, mediante a que se formula proposta de adxudicación en favor da empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L., polo prezo de 258.950,27 euros, IVE engadido, en base ás puntuacións asignadas, en aplicación do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares oportunamente aprobado, ás referencias técnicas dos licitadores, valoradas por un Comité de Expertos, e ás súas ofertas económicas. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Adxudicar á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. o contrato para a execución das obras de "Rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa", polo prezo total de DOUSCENTOS CINCUENTA E OITO MIL NOVECENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (258.950,27 euros), dos que corresponden 214.008,49 ó prezo e 44.941,78 ó IVE, por ser a súa oferta a que acadou a puntuación máis alta tras a valoración dos criterios indicados no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, segundo o indicado nas actas das sesións da Mesa de Contratación e

do Comité de Expertos que valorou as referencias técnicas presentadas polos licitadores, que se poden consultar na Plataforma de Contratación Pública de Galicia.

2º.- Ordear a notificación do presente acordo a tódalas empresas que participaron no procedemento de adxudicación de que se trata, e a súa publicación na Plataforma de Contratación Pública de Galicia, coa indicación de que a totalidade da información necesaria ós efectos legalmente establecidos está a disposición dos interesados nesa Plataforma.

3º.- Ordear a realización dos trámites precisos para a sinatura do necesario contrato administrativo coa brevidade posible, especificando que xa foi presentada por Xestión Ambiental de Contratas, S.L., a totalidade da documentación necesaria a tal finalidade.

4º.- Designar como director da obra, en cumprimento do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, ó arquitecto autor do proxecto, A. Iván Rivas Rico.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, tan amplamente como resulte preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos e contratos precisos para a plena efectividade do presente acordo.

CUARTO. PROPOSTA DE ADHESIÓN Ó FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno, de adhesión do Concello ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, resumindo o contido desa proposta no referido ós obxectivos do Fondo, as razóns que recomendan a adhesión, o número de concellos que xa forman parte do mesmo, superior ós cen, entre os que se atopan moitos da nosa comarca e que representan a máis do oitenta por cen das persoas que residimos en Galicia, ou os proxectos nos que participa o Fondo, que superan os cento corenta. Di tamén que aínda que a cuota mínima que correspondería a este Concello non acada os catrocentos euros, a proposta do grupo de goberno é de aportar cincocentos neste primeiro exercicio.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido ao asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda:

1º.- Manifestar a adhesión desta Corporación ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

2º.- O Concello asume o compromiso de contribuír cunha cuota de 500 euros anuais como achega ó Fondo, con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

3º.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello respecto do Terceiro Mundo para aproximarse ó 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

4º.- Facultar ó Alcalde Presidente paa que designe unha persoa representante política e unha persoa técnica do Concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

5º.- Notificar estes acordos ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

QUINTO. MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE O MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG no rexistro de documentos, don data do 23/04/13, que o Sr. Soto resume e que literalmente di:

“MOCIÓN A PROL DO MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, veñen a pór de manifesto que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.

A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá “con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia”. Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades.

No que atinxe á modificación dos Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito paralelo á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, “se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo”. Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.

Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado-relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e e ás Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.
- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.
- Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro toma a palabra para dar lectura a un documento de resposta a moción de que se trata, que literalmente di:

"Polo momento, o Goberno non aprobou nin tan sequera un anteproxecto de lei de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial ou do Rexistro Civil. Polo tanto, é máis que precipitado pronunciarse sobre borradores (como di o BNG na súa moción). Convén agardar a que o Goberno presente un proxecto de lei ante as Cortes Xerais, para coñecer o verdadeiro contido e alcance das reformas.

Polo momento só hai unha proposta dunha comisión de expertos que debuxa a organización xudicial sen audiencias provincias, nin xulgados (tamén os de paz) substituíndoos por uns chamados "tribunais de instancia". Segundo o Ministro de Xustiza (tras unha reunión co Presidente da FEMP), en ningún caso implicará a desaparición ou peche dos xulgados existentes nos distintos municipios, porque non quedará ningunha infraestrutura sen utilizar e aproveitaranse todas as existentes. Polo tanto, estamos a falar dun estudo duns profesionais expertos, que non ten carácter legislativo algún, e que está destinado a ser debatido nos foros xurídicos e sociais.

En conclusión, dende este grupo municipal facemos unha aposta por unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, e só cando coñezamos o texto definitivo (anteproxecto ou proxecto de lei) poderemos pronunciarnos en detalle sobre o contido real da proposta de reforma."

O Sr. Soto interven novamente para dicir que non é preciso anteproxecto algún para que por parte do Pleno se aprobe unha moción sobre este asunto, e que o que

pretende o seu grupo é un posicionamento previo sobre o tema en base ós borradores que neste momento se coñecen, porque este goberno da medo cando fala de eficacia.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

SEXTO. MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE REFORMA LOCAL.

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG no rexistro de documentos, don data do 18/04/13, que o Sr. Soto resume e que literalmente di:

“MOCIÓN PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA REFORMA LOCAL DO GOBERNO DO PP NO ESTADO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son ampla maioría en Galiza.

A devandita proposta legal inspírase -segundo a súa propia exposición de motivos- na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional “expres” pactada polo bipartidismo estatal, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público por riba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras da renda e da riqueza.

A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda que disfrazado do eufemismo “evitar duplicidades”. Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente máis prescindíbel do entramado institucional actual. Porén, introdúcense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Ademais, esta reforma reforza o centralismo, pois diseña un réxime xurídico e organizativo homoxéneo á maioría dos concellos galegos cos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. Desde o nacionalismo galego sempre se tivo unha visión crítica coa articulación legal e administrativa local, por ser allea á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como pola tendencia á uniformación cos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son diferentes. Agora péchase calquera posibilidade de que Galiza deseñe un mapa local acaído á súa realidade.

Alén desa limitación á capacidade de Galiza, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien

políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos, como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a
 - a) Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
 - b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
 - c) Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.
 - d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos
2. Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro toma a palabra para dar lectura a un documento de resposta a moción de que se trata, que literalmente di:

“O Goberno Central está a debater a reforma da normativa básica reguladora de réxime local. Este proceso de actualización e modernización ven sendo demandado dende hai anos, tanto polo municipalismo como polo conxunto das forzas políticas. A lexislación de 1985 deseñou un modelo de distribución competencial que deu lugar a disfuncionalidades que deben ser corrixidas en aras dunha maior eficiencia na estrutura territorial e un funcionamento máis óptimo das administracións públicas. A proposta de reforma persegue facer efectivo o principio de “unha administración, un servizo”. Outro dos obxectivos pasa por racionalizar a estrutura organizativa da administración local.

A cooperación activa entre administracións configúrase como un elemento central para mellorar a eficiencia entre institucións, en base aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade que consagra o artigo 135 da Constitución.

Este proceso require máximo diálogo para a súa definición e no noso caso galego é preciso ter en conta variables diferenciais que inciden de forma importante na calidade, xestión e financiamento dos servizos públicos. Así, a dispersión, o envellecemento e a existencia dun elevado número de núcleos de poboación condicionan claramente a prestación de servizos. Así mesmo, a complexidade e o volume de tarefas e funcións que asumen os responsables políticos municipais implican a necesidade de establecer unhas retribucións que, sendo acordos coa difícil situación económica actual, o sexan tamén co axeitado nivel retributivo que estas responsabilidades municipais levan consigo.”

O Sr. Soto di que neste asunto hai un importante debate ideolóxico como fondo, e que non abonda con ler un documento como resposta, dando lectura de seguido a parte dunha declaración publicada por unha asociación nacional de traballadores sociais na que se fan duras críticas ó proxecto lexislativo de que se trata, pola conversión dos habilitados estatais en servidores do goberno central para o control do gasto, por non priorizar a proximidade das administracións locais ós cidadáns como criterio para a distribución de competencias e por sentar as bases de posibles futuras provatizacións de servizos públicos.

O Sr. Alcalde interven seguidamente para dicir que o tema aféctanos directamente, xa que incluso nos poden suprimir, e que fai falla unha reforma da lei, pero en sentido contratio ó que se pretende, sen merma de autonomía e recollendo as particularidades dos concellos galegos. Di tamén que o que se pretende é dimensionar os servizos de maneira que compense a súa privatización, que por iso as grandes empresas constructoras adícanse agora á prestación de servizos e que o problema da débeda pública non é o problema dos concellos en xeral, senon soamente dalgúns como o de Madrid; que é preciso que os representantes dos cidadáns se pronuncien en contra deste proxecto de lei agora que aínda non está aprobado.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO B.N.G. PARA DECLARACIÓN DE "PERSOAS NON GRATAS".

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG no rexistro de documentos, don data do 18/04/13, que o Sr. Soto resume e que literalmente di:

"MOCIÓN PARA A DECLARACIÓN DE "PERSONA NON GRATA" A DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á declaración de "persoa non grata" a deputados/as galegos/as no Congreso por votar a favor da validación do Real Decreto-Lei 6/2013, que regula o mecanismo que permitirá facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior troco en accións de nula solvencia, que lle fará perder os seus aforros a centos de familias deste concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de Rajoy caracterizouse por desenvolver unhas estritas políticas para beneficiar a banca en detrimento das persoas afectadas pola estafa das preferentes e subordinadas, que contou co indubidábel apoio de deputadas e deputados galegos do PP que permitiron a quita e o canxe por accións. É o resultado dun modelo de banca especulativa e espoliadora e dun Goberno do PP que se converteu no brazo executor dos ditados desa banca.

O sistema financeiro do Estado español non só non foi penalizado polas súas irresponsábeis prácticas especulativas e as perdas que ocasionaron, senón que mesmo recibiu o auxilio incondicionado, sen exixir responsabilidades a cambio, do Goberno central. En xullo de 2012, o Goberno do PP, asinou o Memorando de entendemento coa UE onde asumiu unhas condicións gravosas para a maioría da cidadanía, dado que as persoas contribuíntes en xeral han de realizar enormes esforzos para rescatar a banca privada do Estado español, e dun xeito especialmente grave para milleiros de pequen@s aforrador@s, posuídor@s de participacións preferentes e débeda subordinada. Neste Memorando recóllese expresamente a obriga de que se adoptarán no Estado español medidas para que esas persoas aforradoras que, con engano, son agora titulares de participacións preferentes ou débeda subordinada vexa obrigatoriamente convertido o diñeiro depositado en accións "con descontos considerábeis", isto é, de vérense esfumados os seus aforros en papel de escaso valor.

Estas medidas, adoptadas a través de diversos reais decretos-leis aprobados polo Goberno central e sempre validados co apoio dos deputados/as galegos/as galegos/as do PP, supoñen un durísimo golpe a milleiros de familias que asisten á legalización do roubo dos seus aforros perpetrado coa connivencia do Goberno do PP, no canto de contribuír a facilitarlles a devolución íntegra do diñeiro depositado como lle correspondería xestionar e defender a quen representa a cidadanía.

Neste sentido, son moi graves os prexuízos que as políticas de Rajoy e das deputadas galegas e galegos no Congreso lle causan a Galiza e, en concreto, a San Sadurniño. O PP pasou de ser cómplice da banca especuladora a culpábel do espolio do aforro dos

galegos e das galegas, pois vén de legalizar o roubo de persoas que foron vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse que colocaron produtos financeiros tóxicos con fraude, ocultación de información e abuso de confianza. O PP rexeitou retirar o Real decreto-lei 6/2013, de 22 de marzo, de protección a titulares de determinados produtos de aforro e investimento de carácter financeiro que autoriza e regula definitivamente o procedemento para facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior cambio en accións de nula solvencia, en vez de adoptaren medidas ao servizo do pobo, como demanda o BNG para recuperar o 100% do diñeiro depositado nestes produtos financeiros, toda vez que se recoñeceu e se demostrou a súa colocación con engano e á mantenta en Galiza entre decenas de miles de persoas aforradoras e pequenas investidoras sen formación nin experiencia financeira.

Foron estas deputadas e deputados galegos quen legalizaron esta estafa para a captación de fondos de milleiros de familias que tiñan depositados os seus pequenos aforros nas entidades bancarias: Antonio Eiras, Antonio Pérez, Tristana Moraleja, Juan de Dios, Joaquín García, Jaime de Olano, Olga Iglesias, Celso Delgado, Guillermo Collarte, Ana Belén Vázquez, Ana Pastor, Irene Garrido, Paz Lago, Telmo Martín e Marta González Vázquez.

Serán, pois, máis de 600 millóns de euros de aforros galegos que emigrarán fóra do noso país en canto se consume este roubo individual ás persoas directamente afectadas e a Galiza no seu conxunto.

Esta é unha realidade que, por desgraza, coñecen moi ben varias familias de San Sadurniño que levan ano e medio de loita e outras moitas que aínda veñen de saber que están afectadas por esta fraude cando se lles comunicou nas últimas dúas semanas a aprobación da quitación autorizada polo Goberno do PP.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que vén como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

2.- Declarar persoas non gratas no noso concello aos 15 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequen@s aforrador@s e investidor@s deste concello."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro toma a palabra para dar lectura a un documento de resposta a moción de que se trata, que literalmente di:

“A vía da arbitrase aconsellada e promovida de xeito pioneiro en Galicia se presenta como modelo a seguir por outras comunidades como a vía máis adecuada, flexible, áxil e económica para recuperar o capital. Desde o mes de febreiro do 2012 ata o día de hoxe téñense adoptado xa 6 acordos por unanimidade de todas as forzas políticas presentes no Parlamento de Galicia.

Galicia, foi a única Comunidade Autónoma, que achegou solucións pola vía da arbitrase e que propiciaron que máis de 14.000 persoas recuperaran xa os seus cartos.

A Xunta de Galicia leva atendido máis de 70.000 consultas de afectados sobre preferentes, tramitando máis de 7.000 reclamacións ante a CNMV.

Na nosa comunidade, máis de 14.000 familias xa recuperaron os seus aforros o que se traduce en máis de 250 millóns de €.

Resumindo, un problema que se xerou en España entre os anos 2008 e 2010 fundamentalmente, vai ter solución cun goberno do PP.

O Real Decreto-Lei 6/2013 de 22 de marzo, abre unha porta para dar un canle de solución a todos aqueles cidadáns aforradores que foron traizoados enganados cando gobernaba o PSOE co apoio do BNG. No 2009, cando xa empezara a crise, houbo 23 emisións e 11.000 millóns vendidos deste xeito. Aínda que as entidades financeiras tiñan problemas, Zapatero dixo que estabamos na Champions League, e como non quería pedir axudas para os bancos, enganou aos preferentistas.

Por conseguinte, o PP atopouse con este problema; non o xerou. O problema perpetrouse sendo Presidente do Goberno Rodríguez Zapatero; Vicepresidente Rubalcaba; Ministra de Economía Elena Salgado; Gobernador do Banco de España Fernández Ordóñez, e presidente da CNMV Segura, todos eles socialistas nomeados polo PSOE, partido apoiado polo BNG, que agora asina a moción presentada ... Semella ruín que o BNG, empregue un asunto serio e de tanta sensibilidade social como base para tentar facer “oposición” dese xeito tan lamentable, obviando por completo que nun sistema democrático, a lexitimidade ven da man da cidadanía, das urnas e dos votos. Por outra banda, sinalar, que o BNG, a través dos seus deputados e deputadas no Congreso, apoiou durante cinco anos consecutivos os orzamentos de Zapatero, avalando a súa política económica, que nos levou a este desastre, e non só non os declararon persoas non gratas, senón que a algún o premiaron co posto de voceiro no Parlamento de Galicia.

Cada organización política ten a súa estratexia e o PP non empregará nunca a persoas enganadas para valerse delas e aproveitarse da súa desesperación para facer oposición. O PP non cae tan baixo.”

O Sr. Soto di que as respostas, sexan oiu non lidas, débense verificar, porque é mentira que o BNG apoiara cinco anos consecutivos os orzamentos do PSOE, que foron soamente dous e a cambio de importantes incrementos dos investimentos previstos

para Galicia. Ademais, non se trata de falar do pasado, senon do que se pode facer agora para resolver o problema dos preferentistas por parte do PP, que ten maioría absoluta no goberno estatal e no da Xunta e que controla o Banco de España e as institucións de arbitraje, e que é quen debía dar un golpe na mesa en Bruselas e esixir o reintegro do cen por cen do investido ós afectados.

O Sr. Alcalde interven para puntualizar que non se trata dun problema abstracto, senon de moitas persoas de San Sadurniño, unhas das cales está neste pleno, e non é un especulador, senon un veciño que no seu momento confiou no sistema financeiro. Trátase de dicirlles ós representantes dos cidadáns que están en Madrid que non poden defender o contrario do que demandan os seus representados, e é xusto que se fagan este tipo de declaracións contra os que permitiron a quita. Remata decindo que non foi o PSOE quen inventou o sistema das preferentes, que foi o PP durante o goberno de Aznar.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A AMPLIACIÓN DO COPAGO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG no rexistro de documentos, don data do 18/04/13, que o Sr. Soto resume e que literalmente di:

“O pasado día 12, deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país. O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar.

Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dereito fundamental como é o Dereito á Educación que, con esta imposición do goberno do PP, vén a deteriorar o ensino público no que respecta ao servizo de comedores escolares.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galiza evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio-laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.
2. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.
3. Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria."

O Sr. Soto engade que o asunto ten unha grande relevancia ética, ademais de que afecta sobre todo ás persoas que viven no ámbito rural, que precisan utilizar o transporte escolar e teñen rendas medias ou baixas, que atenta contra a gratuidade da educación, e que se trata dun servizo que xa pagamos cos nosos impostos, ademais de que considera as rendas do ano 2011 a efectos de determinar o importe do copago.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e oito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,